

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

**Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia, en conformidade co artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Punto único da orde do día.)**

*O señor presidente comunica que, conforme o disposto no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, o número de senadores que lle corresponde designar á Comunidade Autónoma de Galicia é de tres e que a súa distribución será en proporción á representación das distintas forzas políticas existentes na Cámara. (Páx.)*

*A continuación, dá conta do procedemento seguido para a súa designación, así como do desenvolvemento da votación nesta sesión; e, mentres se reparten as papeletas de votación, rógalles ao vicepresidente e á vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida das papeletas. (Páx..)*

*O señor presidente ordena o comezo da votación e a señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano as deputadas e os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx.)*

*Rematada a votación e o escrutinio, o resultado é o seguinte: votos a favor de don Jesús Vázquez Abad, 51; votos a favor de dona Elena Muñoz Fonteriz, 51; votos a favor de don Xoaquín María Fernández Leiceaga, 59; e votos en branco, 10. (Páx..)*

*O señor presidente anuncia que, logo de acadar o apoio da Cámara, queda designada e designados senadora e senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia para a lexislatura número XIV do Senado, dona Elena Muñoz Fonteriz, don Jesús Vázquez Abad e don Xoaquín María Fernández Leiceaga. (Páx..)*

*Remata a sesión ás dez e vinte e dous minutos da mañá.*

